



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS


AUGAS DE GALICIA  
XUNTA DE GALICIA



Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 545 081. Fax 981 544 534  
augasdegalicia@xunta.es  
http://augasdegalicia.xunta.es

OMX. ram  
H

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2011  
Páxina 1 de 2



CONCELLO DE PORTO DO SON  
Campo da Atalaia, s/n  
15970- PORTO DO SON  
Nº de Identificación: C071071

**ASUNTO: INICIO DO PROCEDIMENTO DE INSPECCIÓN EN RELACIÓN ÁS OBRIGAS DO CANON DE SANEAMENTO**

**Obrigado tributario obxecto das actuacións de inspección.-** Concello De Porto Do Son (CIF.- P1507200B)

**Órgano inspector.-** A comprobación e investigación do canon de saneamento será exercido por funcionarios do organismo xestor especificamente nomeados para o efecto pola presidenta de Augas de Galicia, e que actuarán baixo o seu mando. Nembargantes, por proposta da presidenta de Augas de Galicia, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá motivadamente solicitar o auxilio do persoal inspector da Consellería de Facenda.

**Natureza das actuacións inspectoras.-** Comprobación das obrigas que o Concello de Porto do Son, na súa calidade de entidade subministradora de auga, ten encomendadas na xestión e aplicación do canon de saneamento de acordo co disposto na Lei 8/1993 e o Decreto 8/1999.

**Alcance das actuacións inspectoras.-** As actuacións de inspección terán carácter xeral e afectarán á totalidade dos elementos da obriga tributaria, especialmente as obrigas de facturar e percibir o canon de saneamento dos seus abonados e, así mesmo, as obrigas de declarar e autoliquidar as cantidades facturadas e percibidas a este Organismo xestor nos exercicios dos anos 2007, 2008 e 2009.

**Interrupción da prescrición.-** A notificación da presente notificación interrompe o prazo legal de prescrición do dereito da Administración para determinar as débedas tributarias e impoñer as sancións correspondentes no referido a natureza e alcance das actuacións inspectoras.

**Efectos da presentación de declaracións e autoliquidacións unha vez notificado o inicio do procedemento de inspección.-** Os ingresos efectuados polo obrigado tributario con posterioridade ao inicio das actuacións de inspección, en relación coas obrigas tributarias e períodos obxecto de inspección, terán carácter de ingresos a conta sobre o importe da liquidación que, no seu caso, se practique, sen que esta circunstancia impida a apreciación das infraccións tributarias que poidan corresponder. Neste caso, non se devengarán intereses de demora sobre a cantidade ingresada desde o día seguinte a aquel en que se realizou o ingreso.

**Obrigas do obrigado tributario.-** O obrigado tributario deberá atender á inspección e prestarlle a debida colaboración no desenvolvemento das súas funcións, debendo poñer a disposición do persoal inspector os documentos, modelos, ficheiros e demais documentación



Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2011  
Páxina 2 de 2

establecida no artigo 142.1 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria referida á facturación e recadación da auga e o canon de saneamento aos seus abonados.

No caso de que sexa requirido pola inspección deberá persoarse, por si ou por medio de representante, no lugar, día e hora sinalados para a práctica das actuacións, e deberá aportar ou ter a disposición da inspección a documentación e demais elementos solicitados.

**Dereitos do obrigado tributario.**- As actuacións que se vaian efectuar nas dependencias de Augas de Galicia iniciaranse mediante comunicación debidamente notificada cunha antelación mínima de dez días.

As actuacións do procedemento de inspección deberán concluír no prazo de doce meses contado desde a data de notificación do presente escrito.

A interrupción inxustificada do procedemento inspector por non realizar actuación algunha durante máis de seis meses por causas non imputables ao obrigado tributario ou o incumprimento do prazo de duración de doce meses non determinará a caducidade do procedemento, que continuará ata a súa terminación, pero producirá os seguintes efectos respecto ás obrigas tributarias pendentes de liquidar:

- a) Non se considerará interrompida a prescrición como consecuencia das actuacións inspectoras desenvolvidas ata a interrupción inxustificada ou unha vez transcorrido o prazo de doce meses. Nestes supostos, entenderase interrompida a prescrición pola reanudación de actuacións con coñecemento formal do interesado trala interrupción inxustificada ou a realización de actuacións con posterioridade á finalización do prazo de doce meses. En ambos supostos, o obrigado tributario terá dereito a ser informado sobre os conceptos e períodos a que alcanzan as actuacións que vaian a realizarse.
- b) Os ingresos realizados desde o inicio do procedemento ata a reanudación das actuacións que foran imputados polo obrigado tributario ao tributo e período obxecto das actuacións inspectoras terán o carácter de espontáneos aos efectos do disposto no artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.
- c) O incumprimento do prazo de duración de doce meses determinará que non se esixan xuros de demora desde que se produza dito incumprimento ata a finalización do procedemento

O Inspector,  
Xefe da sección de Ingresos do saneamento



Asdo.: Jose Manuel González Gómez